

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 12 de abril de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se notifica a resolución de baixa das autorizacións como xestor de valorización de residuos plásticos non perigosos da empresa Plásticos Rivadil, S.L. (expediente 2020-SC-M-00294 e un máis).

De conformidade co disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, logo de ser intentada sen éxito a notificación do acto administrativo que se relaciona no anexo sen que fose posible por causas non imputables á Administración, notifícase ao titular que se sinala no anexo deste anuncio a resolución de baixa das autorizacións.

Para coñecer o contido íntegro do acto que se notifica, o interesado, ou o seu representante debidamente acreditado, poderá comparecer, no prazo de dez (10) días contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*, nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Servizo de Resíduos, sitas no Edificio Administrativo, rúa de San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida ao vencer o prazo indicado para comparecer.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2021

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

ANEXO

Expedientes: 2020-SC-M-00294 e 2020-SC-M-00295.

Titular: Plásticos Rivadil, S.L.

NIF: B36820595.

Acto notificado: resolución de baixa das autorizacións de xestor de residuos.

Data do acto administrativo: 10.3.2021.

CVE-DOG: 9dw8csi4-kiv0-a8k5-qw8-pwcd3rgkyai0

